

O PSdeG de Paradela critica que o PP “teña como único argumento o insulto nun panfleto que ademáis deben aclarar quen paga”

Os socialistas censuran o envío dunha publicación aos veciños e veciñas do Concello no que acusan á voceira do PSdeG de “mentirosa, amargada e con rancor”, ademáis de chamarlle “personaxe” ou afirmar que emitiu “insidias, difamacións e maledicencias” por criticar a acción de goberno. “Hai liñas que non podemos consentir que se traspasen en democracia”, afirma López Izquierdo

O PSdeG de Paradela lamenta “o baixo concepto de goberno e de acción democrática que ten o PP no municipio” e que “teña como único argumento o insulto e a descalificación persoal” a través dun “panfleto” que “deben aclarar quen paga”. Sonsoles López Izquierdo critica “que o alcalde, José Manuel Mato, non entenda as regras da democracia e use o populismo barato e os fogos de artificio sen argumentos contundentes” para descalificar “o que é o normal na vida municipal, que a oposición fiscalice as actuacións do goberno e pida explicacións, e non que os responsables de levar adiante o Concello se dediquen a facer mala oposición e non a atender os asuntos dos cidadáns”.

A socialista fai esta crítica despois de que o goberno do PP en Paradela teña editado un panfleto no que acusa a López Izquierdo de “mentirosa, amargada e con rancor”, entre outros insultos, ademais de cualificala como “personaxe” ou afirmar que emitiu “insidias, difamacións e maledicencias”, só por informar aos veciños dos incumprimentos e accións de goberno que a socialista considera incorrectas.

“O PP pretende actuar como nun reino de taifas”

“Hai cousas que non se poden permitir e liñas que non podemos consentir que se traspasen en democracia. Estas actitudes son totalmente reprobables nos tempos en que vivimos, e temos a obriga de denuncialas para que isto non se convirta no reino de taifas que pretende o PP, coas accións ás que xa nos teñen acostumados”, censura López Izquierdo.

Lugo, 16 de xullo de 2013